



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE UN MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE

(ACTA NÚMERO 09)

Presidente:

D. Argelio Fernández Queipo

Sres. Deputados:

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Ónega (se incorpora ás once horas e trinta e cinco minutos, antes de comezar o punto 5 da Orde do Día).

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **un de marzo de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Ilmo. Sr. Presidente D. Darío Campos Conde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de febreiro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE: O SAVIÑAO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4202 “PACIOS (LU-633)- ALDOSENDE- CURRELOS (LU-611)”, PK 22+150 A 25+410.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Antecedentes

Acordo Plenario do 31 de outubro de 2017, polo que se aproba o Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firms de Vías Provinciais 2017-2019 (PERF 2017/19).

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4202 "Pacios (LU-633)- Aldosende- Currelos (LU-611)", PK 22+150 a 25+410, redactado por Dona Laura Santalla Castro.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Orde de inicio de procedemento de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra.

Memoria xustificativa.

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4202 "Pacios (LU-633)- Aldosende- Currelos (LU-611)", PK 22+150 a 25+410. O proxecto técnico da obra está redactado pola enxeñeira Dona Laura Santalla Castro.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías e Obras.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante

a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 25-01-2019 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.61955 por importe de 155.635,00 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Enxeñeira Técnica de Obras Públicas do Servizo de Vías e Obras, Dona Laura Santalla Castro, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na acta de reformulo previo, estendida con data 15 de xaneiro de 2019, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a

viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, unicamente será preciso a ocupación dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Visto así mesmo a conformidade da Secretaria Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4202 "Pacios (LU-633)- Aldosende- Currelos (LU-611)", PK 22+150 a 25+410, sometelo a información

pública por espacio de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 155.635,00 €, dos cales 27.011,03 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE: RÁBADE.- ACONDICIONAMENTO LU-P-5102 (RÚA MÚSICO CRISANTO), PK 0+033 AL 0+184.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Antecedentes

Acordo Plenario do 31 de outubro de 2017, polo que se aproba o Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firms de Vías Provinciais 2017-2019 (PERF 2017/19).

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: RÁBADE.- Acondicionamiento LU-P-5102 (rúa Músico Crisanto), PK 0+033 al 0+184, redactado por Dona Marta Herbón Meilán.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Orde de inicio de procedemento de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra.

Memoria xustificativa

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra RÁBADE.- Acondicionamiento LU-P-5102 (rúa Músico Crisanto), PK 0+033 al 0+184. O proxecto técnico da obra está redactado por Dona Marta Herbón Meilán.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación Provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías e Obras.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante

a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 08/02/2019 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.61955 por importe de 199.464,81 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas do Servizo de Vías e Obras, Dona Marta Herbón Meilán, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento da proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 18 de xaneiro de 2019, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a

viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, unicamente será preciso a ocupación dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención.

Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.

Visto así mesmo a conformidade da Secretaria Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: RÁBADE.- Acondicionamiento LU-P-5102 (rúa

Músico Crisanto), PK 0+033 al 0+184, sometelo a información pública por espacio de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 199.464,81 €, dos cales 34.617,86 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE: POL.- OBRAS DE ADAPTACIÓN RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA, PARA A APERTURA AO USO DE CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Antecedentes

Memoria valorada relativa ao procedemento de contratación das obras identificadas como: POL.- Obras de adaptación residencia e centro de día, redactada por Dona Ana Belén Mera Arias.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Orde de inicio de procedemento de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra.

Resolución da Presidencia relativo ao impulso e execución do acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión de data 15/10/2018 sobre accións a levar a cabo ao abeiro da entrega dos resultados da encomenda feita a SUPLUSA, SA para construción de residencias e centros de día.

Resolución da Presidencia relativa á incorporación ao Inventario de Bens e dereitos da Deputación Provincial varios centros de atención a persoas maiores.

Informe do Arquitecto D. Pablo Rodríguez Fernández, titulado informe técnico CAM Mosteiro.

Memoria xustificativa

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra POL.-Obras de adaptación residencia e centro de día. A memoria valorada da obra está redactada por Dona Ana Belén Mera Arias.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 3 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que na memoria valorada existe un apartado dedicado a xustificación de prezos.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto simplificado sumario (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 21/02/2019 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622 por importe de 69.617,59 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse a memoria valorada identificada na cabeceira e redactada pola Directora da Unidade de Proxectos, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese na memoria valorada que os prezos son adecuados conforme ao establecido no artigo 100 da LCSP.

Incorpórase igualmente ao expediente documento da proxectista sobre costes directos e indirectos.

Consta no expediente informe da Sección de Benestar Social e Igualdade en relación coas necesidades a satisfacer.

Consta igualmente incorporado ao expediente informe do Arquitecto D. Pablo Rodríguez Fernández sobre o CAM de Mosteiro no que alude ás necesidades planteadas pola Deputación, a saber “... La cocina no dispone de las instalaciones necesarias para la realización de los servicios diarios planteados, ya que carece de los mínimos elementos requeridos para ello (horno, freidora, planchas, fuegos de cocina, etc); la lavandería también se entiende incompleta para poder desarrollar en ella los servicios requeridos (lavadora con la capacidad adecuada, rodillos de planchado para ropa de cama, etc); el paseo perimetral al edificio instalado y ejecutado a base de material sintético imitando a laminas de madera parece no cumplir con los requisitos mínimos

estipulados por el CTE referentes a su grado de resbaladicidad en condiciones de humedad, por lo que se advierte de su posible peligrosidad teniendo en cuenta las características de los futuros usuarios”.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese na memoria valorada un prazo de execución de 1 mes, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución. En canto á memoria valorada, a directora da Unidade de Proxectos precisa en informe de data 28/02/2019 que as actuacións previstas non afectan a ningún dos aspectos aos que a Lei de Ordenación da Edificación establece que será necesario proxecto.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 12 de febreiro de 2019, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel. Consta Resolución da Presidencia de incorporación de bens e dereitos ao inventario da Deputación, de data 29/01/2019, na que se inclúe o centro de atención a persoas maiores de Pol.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas

Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito

Visto así mesmo a conformidade da Secretaria Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: POL.- Obras de adaptación residencia e centro de día, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto simplificado sumario, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 63.288,72 €, dos cales 5.753,52 € corresponden ao IVE (10%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Antes de comezar a tratar o seguinte asunto incorpórase o Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega, sendo as 11 horas e trinta e cinco minutos.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE: PORTOMARÍN.- CONSTRUCCIÓN CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES- APARTAMENTOS TUTELADOS E CENTRO DE DÍA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Antecedentes

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Portomarín aprobado pola Xunta de Goberno en data 15 de xuño de 2018 e asinado en data 03 de agosto de 2018 para a execución dos fins comúns consistentes na construción centro de atención a persoas maiores –apartamentos tutelados e centro de día, así como addenda de modificación aprobada pola Xunta de Goberno en data 15/02/2019 e asinada en data 26/02/2019 do que trae causa esta licitación.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: PORTOMARÍN.- Construción centro de atención a persoas maiores –apartamentos tutelados e centro de día- redactado por Dona Mónica Marras Mosquera, Xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Informe favorable de supervisión do proxecto de data 09/01/2019.

Orde de inicio de procedemento de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra.

Memoria xustificativa

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a

disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo número coa finalidade de proceder á contratación da obra PORTOMARÍN.- Construción centro de atención a persoas maiores –Apartamentos tutelados e centro de día. O proxecto técnico da obra está redactado por Dona Mónica Marras Mosquera e foi supervisado, tecnicamente, aos efectos do artigo 235 da LCSP, polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, segundo informe de data 09/01/2019.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 3 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da

LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

Para financiar as obrigas que se deriven da presente contratación existe, segundo consta no informe de intervención de data consignación na Aplicación Orzamentaria, coa distribución que figura, por anualidades:



ANUALIDADE	DEPUTACIÓN			CONCELLO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC		
2018	2315.622 / 2315.622.55	379.950,30€	RC-22018836110	0,00€	379.950,30€
2019		496.076,03€	RC-22019/2300-RC-220189/537	200.000,00€	696.076,03€
2020		686.738,34€	RC-220199/44	0,00€	686.738,34€
TOTAL		1.562.764,67€		200.000,00€	1.762.764,67€

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 as cantidades indicadas nas aplicacións correspondentes.

De conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP, en relación coa D.A. 3ª do mesmo texto legal, o gasto plurianual queda suxeito ás limitacións propias da normativa presupuestaria e de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Consta no expediente compromiso da achega da parte financiada polo Concello de Portomarín.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado pola Arquitecta Xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación Dona Mónica Marras Mosquera, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento. Xúntase igualmente informe da Sección de Benestar Social.

Incorpórase igualmente ao expediente documento da proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 12 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución. Este prazo pode ser reducido polos licitadores ao recollerse como criterio de adxudicación.

Na acta de reformulo previo, estendida con data 27 de decembro de 2018, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica das obras que recollen a documentación elaborada polo Servizo de Arquitectura.

Na addenda ao convenio subscrito na data de 26/02/2019, na cláusula cuarta, apartado 2.2, o Concello de Portomarín asume a responsabilidade de facilitar o acceso, ocupación e toma de posesión pacífica dos terreos necesarios para a execución das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado

en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito

Visto así mesmo a conformidade da Secretaria Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: PORTOMARÍN.- Construción centro de atención a persoas maiores –apartamentos tutelados e centro de día, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.762.764,67 €, dos cales 160.251,33 € corresponden ao IVE (10%).

4º.- Tomar razón da cesión gratuíta das parcelas referidas no acordo do Concello Pleno de Portomarín de data 28/06/2018, e ordenar o impulso da súa tramitación, de acordo co procedemento legalmente establecido”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA O PERSOAL ACTIVO E CORPORATIVOS DE TODOS OS CENTROS XESTORES E SERVIZOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 28 de febreiro de 2019, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións:

Consideracións xurídico-administrativas.

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para o persoal activo e corporativos de todos os centros xestores e servizos da Deputación de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos en réxime de dereito privado, de conformidade co establecido nos artigos 25 e 26 da LCSP, norma que se aplicará en canto a súa preparación e adxudicación (art. 26 da LCSP), e, en canto os seus efectos e extinción, sen prexuízo do previsto no prego, rexerá polas normas de dereito privado, sendo de aplicación a Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do Contrato de Seguro, e calquera outras disposicións de dereito privado que resultaren aplicables nesta disciplina.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestación de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro.

Os pregos de condicións, elaborados para disciplinar a licitación e o contrato, recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato licitouse mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta, conforme aos artigos 145 e 146 da LCSP.

De conformidade coa minuta da Acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 09 de xaneiro do 2019, constan as empresas presentadas á contratación do referido expediente (segundo anuncio publicado con data 10 de decembro do 2018 no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo- Xunta de Goberno-, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público), e a data de presentación da oferta.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súas propostas, procedeuse á apertura do sobre “A”, co seguinte resultado:

Sobre A:

Licitadores	Declaración responsable
AXA Aurora Vida, S.A. de Seguros y Reaseguros	V
GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	V
VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS	V

A documentación administrativa presentada polas empresas será posteriormente supervisada ao detalle polo servizo de Contratación e Fomento, informando na seguinte Mesa do resultado do estudo da mesma.

Na Mesa de Contratación celebrada o día 17.01.2019, deuse conta pola Presidencia, previo estudio da documentación administrativa previamente aperturada na mesa de contratación celebrada o día 09.01.2019, que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma as súas propostas e as declaracións responsables axústanse en todo o seu contido aos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas, polo que a mesa de contratación acorda, por unanimidade, admitir as propostas presentadas e continuar co procedemento. Nesta sesión adíase a apertura das proposicións (sobre B), por problemas técnicos da Plataforma.

No mesmo acto, e unha vez solventados os problemas técnicos, procedeuse na Mesa de Contratación celebrada o día 17 de xaneiro de 2019 á apertura dos sobres B dos licitadores concorrentes, relativos aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, sendo estes criterios os recollidos na cláusula décimo segunda do PCAP, sendo estes os que se indican a continuación:

“Sobre B. Criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica.”

Criterio nº 1: Oferta económica.

Valorarase de 0 ata 45 puntos. Aquelas ofertas que igualem o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos. A oferta non poderá superar o prezo de licitación establecido na cláusula cuarta deste PCAP. O licitador que se atope neste suposto quedará automaticamente excluído do proceso de licitación.

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª.

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = POE \times \frac{MO}{OP}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta económica: 45 puntos

MO = mellor oferta

OP = oferta a valorar

A fórmula atribúe puntos á oferta de forma inversamente proporcional, de maneira que as ofertas máis baixas reciban mellor puntuación que as propostas de prezos máis altos, o prezo máis baixo de todas as ofertas presentadas obterá unha puntuación de 45 puntos.

Non se admitirán ofertas por enriba do tipo de licitación.

Criterio nº 2: Avance do sublímite de falecemento por calquera causa.

Valorarase de 0 ata 15 puntos. Aquelas ofertas que igualem á cobertura mínima serán valoradas con 0 puntos. A oferta non poderá ser inferior á cobertura mínima esixida. O licitador que se atope neste suposto quedará automaticamente excluído do proceso de licitación.

CONTINXENCIAS CUBERTAS	CAPITAL MÍNIMO ASEGURADO
Falecemento por calquera causa	32.000 €. por asegurado

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª.

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á mellora ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = POE \times \frac{OP}{MO}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta: 15 puntos

MO = mellor oferta

OP = oferta a valorar

A fórmula atribúe puntos á oferta de forma directamente proporcional, de maneira que as ofertas que oferten unha maior cobertura económica reciban mellor puntuación .

Criterio nº 3: Avance do sublímite de Invalidez total.

Valorarase de 0 ata 13 puntos. Aquelas ofertas que igualem á cobertura mínima serán valoradas con 0 puntos. A oferta non poderá ser inferior á cobertura mínima esixida. O licitador que se atope neste suposto quedará automaticamente excluído do proceso de licitación.

CONTINXENCIAS CUBERTAS	CAPITAL MÍNIMO ASEGURADO
Invalidez total e permanente	44.190 €. por asegurado

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á mellora ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = POE \times \frac{OP}{MO}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta : 13 puntos

MO = mellor oferta

OP = oferta a valorar

A fórmula atribúe puntos á oferta de forma directamente proporcional, de maneira que as ofertas que oferten unha maior cobertura económica reciban mellor puntuación .

Criterio nº 4: Avance do sublímite de Invalidez absoluta e permanente.

Valorarase de 0 ata 16 puntos. Aquelas ofertas que igualem á cobertura mínima serán valoradas con 0 puntos. A oferta non poderá ser inferior á cobertura mínima esixida. O licitador que se atope neste suposto quedará automaticamente excluído do proceso de licitación.

CONTINXENCIAS CUBERTAS	CAPITAL MÍNIMO ASEGURADO
Invalidez absoluta e permanente	44.190 €. por asegurado

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª.

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á mellora ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = POE \times \frac{OP}{MO}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta: 16 puntos

MO = mellor oferta

OP = oferta a valorar

A fórmula atribúe puntos á oferta de forma directamente proporcional, de maneira que as ofertas que oferten unha maior cobertura económica reciban mellor puntuación.

Criterio nº 5: Avance do sublímite de Accidente Laboral.

Valorarase de 0 ata 11 puntos. Aquelas ofertas que igualem á cobertura mínima serán valoradas con 0 puntos. A oferta non poderá ser inferior á cobertura mínima esixida. O licitador que se atope neste suposto quedará automaticamente excluído do proceso de licitación.

CONTINXENCIAS CUBERTAS	CAPITAL MÍNIMO ASEGURADO
Accidente Laboral	75.503 €. por asegurado

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á mellora

Ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:



$$Po = POE \times \frac{OP}{MO}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta : 11 puntos

MO = mellor oferta

OP = oferta a valorar

A fórmula atribúe puntos á oferta de forma directamente proporcional, de maneira que as ofertas que oferten unha maior cobertura económica reciban mellor puntuación.

As proposicións presentadas son as seguintes:

Contido do sobre B: (Criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica).

	AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS
CRITERIOS DE VALORACIÓN	OFERTA		
CRITERIO 1	209.846,87	219.895,89	207.022,04
CRITERIO 2	35.000,00	32.000,00	36.000,00
CRITERIO 3	48.500,00	44.190,00	45.190,00
CRITERIO 4	48.500,00	44.190,00	49.190,00
CRITERIO 5	81.503,00	75.503,00	89.503,00

Ningunha das ofertas admitidas incorre na situación de baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, en aplicación dos criterios fixados na cláusula décimo- terceira do PCAP.

O límite para considerar desproporcionada ou anormalmente baixa a oferta económica (criterio 1), segundo a cláusula décimo terceira do PCAP sería 191.029,44 euros.

No mesmo acto procedeuse a valoración das ofertas presentadas, aplicando as fórmulas establecidas na cláusula décimo segunda do PCAP, cos seguintes resultados.

Puntuación total:

	AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS
CRITERIOS DE VALORACIÓN	VALORACIÓN		
CRITERIO 1	44,39	42,37	45,00
CRITERIO 2	14,58	-	15,00
CRITERIO 3	13,00	-	12,11
CRITERIO 4	15,78	-	16,00
CRITERIO 5	10,02	-	11,00
PUNTUACIONES TOTAIS	97,77	42,37	99,11

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

Outorgar aos licitadores concorrentes as seguintes puntuacións e clasificar aos licitadores presentados atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

	Licitadores	Puntuacións
1	VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS	99,11
2	AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	97,77
3	GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	42,37

Que polo órgano de contratación se efectúe o requirimento á empresa VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS; para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Polo que vai dito, e en base ao establecido no artigo 150.2 da LCSP e na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, proponse que polo Sr. Presidente da Deputación de Lugo se acepte a proposta feita pola mesa de contratación con data 17 de xaneiro do 2019 e consecuentemente se adopte a seguinte resolución:

Outorgar aos licitadores concorrentes as seguintes puntuacións e clasificar aos licitadores presentados atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

	Licitadores	Puntuacións
1	VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS	99,11
2	AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	97,77
3	GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	42,37

Requirir á empresa VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS , para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas:

Por resolución da Presidencia de data 08 de febreiro de 2019, clasificouse aos licitadores presentados atendendo ao orde de importancia e ponderación e acordouse requirir á empresa VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O día 11 de febreiro de 2019, materializouse o requirimento á empresa VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS, da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento.

A empresa VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS, atendeu o requirimento de documentación administrativa efectuado.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que á empresa VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS, aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa, VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS, a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para o persoal activo e corporativos de todos os centros xestores e servizos da Deputación de Lugo.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a prestar o servizo da cobertura dunha póliza de seguro de vida e accidentes para o persoal activo e corporativos de todos os centros xestores e servizos da Deputación de Lugo por un prazo de un ano que empezará a contar a partir do día seguinte á subscrición da acta de inicio das prestacións, e por un importe da prima de 207.022,04 €/ano, e coas seguintes coberturas segundo oferta presentada:

	VIDACAIXA, SAU DE SEGUROS Y REASEGUROS
PRIMA A PAGAR	207.022,04
COBERTURAS POR PERSOA ASEGURADA	
FALECIMENTO POR CALQUERA CAUSA	36.000,00
INVALIDEZ TOTAL	45.190,00
INVALIDEZ ABSOLUTA E PERMANENTE	49.190,00
ACCIDENTE LABORAL	89.503,00

3º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de un ano, sen posibilidade de prorroga, contado dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en

documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houbera interposto recurso que leve aparelhada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DA CERTIFICACIÓN DO SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO, BAIXO A NORMA UNE-ISO/IEC 20000-1:2011 “TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN. XESTIÓN DO SERVIZO. PARTE 1: REQUISITOS DO SISTEMA DE XESTIÓN DO SERVIZO (SGS)”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 27 de febreiro de 2019, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do mantemento da certificación do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación Provincial de Lugo baixo a norma UNE-ISO/IEC 20000-1:2011 “Tecnoloxías da información. Xestión do Servizo. Parte 1: Requisitos do sistema de xestión do servizo (SGS)”. (2004/0048/STI/01).

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar o seu obxecto a adquisición de produtos.

Os pregos de condicións, elaborados para disciplinar a licitación e o contrato, recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudícase mediante procedemento aberto simplificado sumario, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta en aplicación dos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 prego de cláusulas administrativas). O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, por la que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, nin é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior a 100.000 euros (art. 44.1 da LCSP).

En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativas e de prezo), reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

Na sesión da mesa de contratación do 17 de xaneiro do 2019, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente (segundo anuncio publicado con data 24 de decembro do 2018 no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo-Xunta de Goberno-, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público) que foron as seguintes:

	LICITADORES
1	ENTIDAD CONSULTORA DE INNOVACIÓN Y NORMALIZACIÓN, S.L. (ECINOR, S.L.)
2	START UP CDF, S.L.
3	TEMPO CONSULTORÍA ESTRATÉGICA, S.L.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa proposta, procedeuse á apertura e exame do sobre “A”, documentación administrativa/proposta económica e documentación cuantificable de forma automática, resultando que as empresas presentaron as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas e seladas. A mesa de contratación acordou admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

[Sobre/arquivo electrónico] «A»

Documentación administrativa, proposición económica e documentación cuantificable de forma automática

Declaración Responsable do licitador

	ECINOR,SL	START UP CDF,SL	TEMPO CONSULTORIA ESTRATEGICA,SL
DECLARACIÓN RESPONSABLE	SI (ROLECE)	SI (ROLECE)	SI (ROLECE)

Proposición económica e documentos relativos a oferta, distintos ao prezo, que se cuantifican de forma automática.

	ECINOR,SL	START UP CDF,SL	TEMPO CONSULTORIA ESTRATEGICA,SL
OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	7.380,00	5.900,00	8.040,00
XORNADAS DE FORMACIÓN	7 HORAS	8 HORAS	7 HORAS

Da aplicación dos criterios de valoración das proposicións (criterios matemáticos e/ou automáticos), obtivéronse os seguintes resultados:



			ECINOR S.L.	STARTUP CDF S.L.	TEMPO CONSULTORIA	ECINOR S.L.	STARTUP CDF S.L.	TEMPO CONSULTORIA
	Max.	limite (SIN IVA)	OFERTA			VALORACION		
1. OFERTA ECONÓMICA	90	9.586,78	7.380,00	5.900,00	8.040,00	71,95	90,00	66,04
2. XORNADAS DE FORMACION	10		7,00	8,00	8,00	8,75	10,00	10,00
						80,70	100,00	76,04

En aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, considerárase que, en principio, é desproporcionada ou anormal toda oferta que estea dentro dos supostos seguintes: (...) Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

Desta maneira, aquelas ofertas inferiores a 6.396,78 euros (sen computar o IVE) terán a devandita consideración de desproporcionadas ou anormalmente baixas, atopándose nesta situación a presentada pola licitadora STARTUP CDF, SL (5.900,00 euros / 7.139,00 euros, IVE Incluído).

A mesa acordou conceder o trámite de xustificación, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, da oferta presentada por STARTUP CDF, SL., incurso en situación de desproporcionada ou anormalmente baixa.

Na sesión da mesa de contratación do 1 de febreiro de 2019 deuse conta da resposta ao trámite de audiencia relativo a este expediente presentado pola empresa STARTUP CDF, SL en data 24 de xaneiro de 2019. Por unanimidade acordouse aceptar o informe técnico emitido e, en consecuencia propoñer a exclusión da empresa STARTUP CDF, SL, por non xustificar axeitadamente o carácter desproporcionado ou anormalmente baixo da súa proposta. Acordouse proceder a unha nova valoración das ofertas, aplicando as fórmulas matemáticas establecidas na

cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor desta contratación. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	ECINOR S.L.	TEMPO CONSULTORIA
OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	90,00	82,61
XORNADAS DE FORMACIÓN	8,75	10,00
PUNTUACIÓN TOTAL	98,75	92,61

Con base no establecido nos artigos 159 e 150 da LCSP e na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, a Presidencia da Deputación de Lugo adoptou, en data 7 de febreiro, a seguinte resolución:

Excluír ao licitador STARTUP CDF, S.L. por non xustificar axeitadamente o carácter desproporcionado ou anormalmente baixo da súa proposta.

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	ENTIDAD CONSULTORA DE INNOVACIÓN Y NORMALIZACIÓN, S.L. (ECINOR, S.L.)	98,75 puntos
2	TEMPO CONSULTORÍA ESTRATÉGICA, S.L.	92,61 puntos

Comprobada a información que ofrece o Rexistro Oficial de Licitadores do Estado (ROLECE) da empresa que obtivo maior ponderación, é preciso requirir a ECINOR, S.L., para que, dentro do prazo de sete días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 65 e 73 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

A empresa aportou a documentación requirida o día 19 de febreiro de 2019.

A cláusula 2ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares establece que o órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a

Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas, así como á adxudicación do contrato. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 59, apartado 12, do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza administrativa de carácter xeral, e queda sen valor legal algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que á empresa ENTIDAD CONSULTORA DE INNOVACIÓN Y NORMALIZACIÓN, S.L. (ECINOR, S.L.), aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa ENTIDAD CONSULTORA DE INNOVACIÓN Y NORMALIZACIÓN, S.L. (ECINOR, S.L.), con, a contratación do mantemento do servizo de novas tecnoloxías da Deputación Provincial de Lugo baixo a norma UNE-ISO/IEC 20000-1:2011 “Tecnoloxías da información. Xestión do servizo. parte 1: requisitos do sistema de xestión do servizo (SGS)”. (2004/0048/STI/01).

A empresa adxudicataria comprométese á prestación do servizo obxecto do contrato con un prazo de execución de dous anos e por un importe de 7.380,00 €, aos que se engadirán 1.549,80 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.929,80 €.

A empresa adxudicataria comprométese a impartir 7 horas de formación anual relacionadas coa certificación ISO20000-1 e dirixidas ao persoal do Servizo de Novas Tecnoloxías implicado na certificación.

Determinar que o financiamento das cantidades financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias e as anualidades seguintes:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE
2019	9200.22706	4.464,90 euros
2020	9200.22706	4.464,90 euros
SUMA		8.929,80 euros

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade correspondente na aplicación indicada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

O cumprimento os medios materiais e persoais mínimos adscritos á execución do obxecto do contrato e recollidos no apartado 3.2 do prego de prescricións técnicos. A estes efectos considéranse mínimos.

Un responsable do proxecto. Con dedicación parcial. A función principal de esta persoa será a de ser o interlocutor principal coa Deputación e encargarse da organización, xestión e dirección do proxecto.

Un auditor xefe. con dedicación parcial será a persoa dedicada a realizar os traballos de auditoría, preparación e acompañamento para a renovación da certificación obxecto do contrato. O auditor debe estar na posesión da certificación como auditor xefe ISO/IEC 20000 e ISO/IEC 270001.

Ao ser dedicación parcial, incluso podería ser a mesma persoa a que desempeñe ambos roles.

A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que intervéñen no servizo obxecto deste contrato. A estes efectos, terá a obriga de acreditar anualmente, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas, de conformidade co previsto art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A administración, resérvase a facultade de solicitar os TC1/TC2 e as nóminas dese persoal e a transferencia bancaria, como medio complementario de acreditar o seu pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

A persoa responsable do contrato, co asesoramento que precise do servizo de contratación e fomento, emitirá informe antes de proceder ao pagamento da respectiva factura en relación destas condicións sociais.

Remitir á Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, no prazo máximo de 10 días contados a partir do seguinte á sinatura da acta de inicio, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo.

O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais deste apartado 22.2 constitúe causa de resolución contractual, consonte co establecido no art. 211.1 letra f da LCSP.

O contrato terá unha duración máxima de 2 anos, prorrogable por outros dous, non podendo superar os 12 meses (un ano) cada unha destas prorrogas, contados dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/ou www.contrataciondelestado.es>), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación”.

En base ao que vai dito, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa ENTIDAD CONSULTORA DE INNOVACIÓN Y NORMALIZACIÓN, S.L. (ECINOR, S.L.), a contratación do mantemento do servizo de novas tecnoloxías da Deputación Provincial de Lugo baixo a norma UNE-ISO/IEC 20000-1:2011 “Tecnoloxías da información. xestión do servizo. parte 1: Requisitos do sistema de xestión do servizo (SGS)”. (2004/0048/STI/01).

2º.- A empresa adxudicataria comprométese á prestación do servizo obxecto do contrato con un prazo de execución de dous anos e por un importe de 7.380,00 €, aos que se engadirán 1.549,80 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.929,80 €.

A empresa adxudicataria comprométese a impartir 7 horas de formación anual relacionadas coa certificación ISO20000-1 e dirixidas ao persoal do Servizo de Novas Tecnoloxías implicado na certificación.

3º.- Determinar que o financiamento das cantidades financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias e as anualidades seguintes:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE
2019	9200.22706	4.464,90 euros
2020	9200.22706	4.464,90 euros
SUMA		8.929,80 euros

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade correspondente na aplicación indicada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

O cumprimento os medios materiais e persoais mínimos adscritos á execución do obxecto do contrato e recollidos no apartado 3.2 do prego de prescricións técnicos. A estes efectos considéranse mínimos.

Un responsable do proxecto. Con dedicación parcial. A función principal de esta persoa será a de ser o interlocutor principal coa Deputación e encargarse da organización, xestión e dirección do proxecto.

Un auditor xefe. Con dedicación parcial será a persoa dedicada a realizar os traballos de auditoría, preparación e acompañamento para a renovación da certificación obxecto do contrato. O auditor debe estar na posesión da certificación como auditor xefe ISO/IEC 20000 e ISO/IEC 270001.

Ao ser dedicación parcial, incluso podería ser a mesma persoa a que desempeñe ambos roles.

A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que intervéñen no servizo obxecto deste contrato. A estes efectos, terá a obriga de acreditar anualmente, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas, de conformidade co previsto art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. A administración, resérvase a facultade de solicitar os TC1/TC2 e as nóminas dese persoal e a transferencia bancaria, como medio complementario de acreditar o seu pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

A persoa responsable do contrato, co asesoramento que precise do servizo de contratación e fomento, emitirá informe antes de proceder ao pagamento da respectiva factura en relación destas condicións sociais.

Remitir á Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, no prazo máximo de 10 días contados a partir do seguinte á sinatura da acta de inicio, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo.

O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais deste apartado 22.2 constitúe causa de resolución contractual, consonte co establecido no art. 211.1 letra f da LCSP.

5º. O contrato terá unha duración máxima de 2 anos, prorrogable por outros dous, non podendo superar os 12 meses (un ano) cada unha destas prorrogas, contados dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio.

6º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS, E O EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE NA EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda deixar o presente asunto sobre a mesa para o seu mellor estudo.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE OITO CONCERTOS UTILIZANDO OS INSTRUMENTOS DO CENTRO DE ARTESANÍA E DISEÑO PARA A POSTA EN VALOR E DIFUSIÓN DAS RÉPLICAS DE INSTRUMENTOS MEDIEVAIS DO CENTRAD.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico e Artístico, do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

Consideracións xurídicas.

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación de oito concertos utilizando os instrumentos do centro de artesanía e deseño para a posta en valor e difusión das réplicas de instrumentos medievais do CENTRAD.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

O contrato que se adxudique seguindo o presente prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) terá carácter privado (de servizos) de conformidade co disposto no artigo 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), que se aplicará en canto a súa preparación e adxudicación (art. 26 da LCSP).

En canto os seus efectos e extinción, sen prexuízo do previsto neste prego, rexeráse polas normas de dereito privado, sendo de aplicación a Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do Contrato de Seguro, e calquera disposicións de dereito privado que resultaren aplicables nesta disciplina.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación); criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados por razóns de exclusividade, motivada polo feito de que a asociación LUCUS ENSEMBLE está formada por once instrumentistas e dous vocalistas que gozan dun prestixio gañado a pulso en cinco anos dende a súa existencia, son un dos principais referentes da música de cámara en toda a provincia de Lugo.

No informe emitido polo Coordinador e Xefe de Administración e Xestión Cultural, reflíctese o seguinte:

“Compre destacar, que a asociación LUCUS ENSEMBLE, está constituída como unha asociación sen ánimo de lucro, cuxa principal razón de ser é a de difusión da música de cámara, e dende o Centro de Artesanía e Deseño, creemos que sin as únicas persoas capacitadas para levar a cabo estes concertos debido a un encontro que tivemos no CENTRAD coa citada asociación e o

responsable técnico da colección de instrumentos musicais (Luciano Pérez Díaz), no que se puido comprobar que eran o grupo referente capaz de afrontar os retos que presentan estes instrumentos non contemporáneos, por tratarse de réplicas do século XII e XIII e require de novas técnicas interpretativas, por outra parte esta asociación conta con compositores nas súas filas capaces de facer arranxos de música antiga e novas composicións para este tipo de instrumentos e unha vez que se lles presentou os instrumentos decidiron que estaban capacitados para interpretalos e ofertar á Deputación de Lugo un proxecto de concertos, un estudo minucioso por parte dos músicos dos instrumentos, elaboración de nove arranxos musicais e produción técnica e gravación dos oito concertos, tratándose por todo isto de actuacións artísticas únicas.”

Por todo o anteriormente exposto, entendemos que se trata de “actuacións artísticas únicas” e baseándose tanto no artigo 168 a) 2º da Lei 9/2017 da Lei de Contratos do Sector Público, como nos informes 41/96, de 22 de xullo de 1996 da Xunta Consultiva de Contratación do estado (no que expresamente se preguntaba polo procedemento de adxudicación de contratos que tivesen por obxecto <<a contratación dun artista ou grupo artístico que aporta a súa labor creativa ao espectáculo>>) e o recente informe 8/2017, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, (no que se preguntaba o procedemento a tramitar para adxudicar a contratación das orquestras das festas patronais) adoptado na súa sesión do día 21 de xuño de 2017 manifestáronse exactamente o mesmo criterio o cal é :“las razones artísticas son suficientes para considerar que sólo puede encomendarse el objeto del contrato a un único empresario, pues una interpretación contraria dejaría vacío de sentido el precepto u obligaría a una labor ímproba de determinar cuando una obra artística puede ser llevada a cabo o no por otro artista o empresario, introduciendo un elevado grado inseguridad jurídica”.Nesas prestacións no é posible, por tanto, promover a concorrència e aceptase o procedemento negociado sen publicidade como o procedemento de adxudicación máis acaído nese caso.

Por último, e dado que está directamente relacionado coa protección de dereitos exclusivos de propiedade intelectual e industrial, e o emprego do procedemento negociado sen publicidade regulado no artigo 168 da LCSP, citar tamén o Estudio jurídico sobre la condición de bienes

incorporales de la producción en televisión (derechos intelectuales) a efectos de la aplicación de la normativa de contratos públicos (Gimeno Feliu, Jose María) ⁽¹⁾, que na súa consideración terceira sinala:

“Por último, quedan por mencionar los supuestos en que se quieran adquirir unos derechos exclusivos sobre servicios donde existan derechos intelectuales que puedan ser objeto de explotación y no tienen carácter de propiedad incorporal. El artículo 168 LCSP habilita un procedimiento negociado sin publicidad cuando « las obras, los suministros o los servicios solo puedan ser encomendados a un empresario determinado, por alguna de las siguientes razones: que el contrato tenga por objeto la creación o adquisición de una obra de arte o representación artística única no integrante del Patrimonio Histórico Español; que no exista competencia por razones técnicas; o que proceda la protección de derechos exclusivos, incluidos los derechos de propiedad intelectual e industrial». El elemento de derechos de propiedad intelectual es evidente siempre que se pretenda la relación con una Universidad Pública en la que se ponga como valor para la decisión de adquisición un elemento diferenciador «personalísimo».

En determinados servicios audiovisuales, al margen de la propiedad incorporal, el poder adjudicador podrá utilizar este procedimiento. Y, aunque las cuantías fueran de un contrato menor, en una interpretación sistemática, resulta evidente que no funcionaría el límite cuantitativo global del artículo 118 LCSP, ya que no se aplica en los casos donde el «contratista», tiene derechos exclusivos, o razones técnicas o económicas (así lo indica el propio 118.3 al señalar, con relación a ese límite, que «quedan excluidos los supuestos encuadrados en el artículo 168 a) 2º».

Neste sentido, enténdese de aplicación o artigo 11do Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre la materia, xa que o artigo 11 considera taxativamente os arranxos musicais como unha obra derivada, as cales tamén son obxecto de propiedade Intelectual, sen perxuízo dos dereitos de autor sobre a obra orixinal.

⁽¹⁾ Gimeno Feliu, José María “Estudio jurídico sobre la condición de bienes incorpóreos de la producción en televisión (derechos intelectuales) a efectos de la aplicación de la normativa de contratos públicos”. Procedimientos de adjudicación”, en Cuadernos de Derecho Local Nº 48 2018. Contratación pública.

“Artículo 11 Obras derivadas

Sin perjuicio de los derechos de autor sobre la obra original, también son objeto de propiedad intelectual:

Las traducciones y adaptaciones.

Las revisiones, actualizaciones y anotaciones.

Los compendios, resúmenes y extractos.

Los arreglos musicales.

Cualesquiera transformaciones de una obra literaria, artística o científica.”

O contido da Propiedade Intelectual atopase integrada por dereitos de carácter persoal e patrimonial (artigo 2 LPI), os cales atribúen ao seu autor plena disposición dos mesmos, así como o dereito exclusivo de explotación da obra, dereito de explotación que corresponde exclusivamente o autor e atopamos desenvolto no artigo 17 da LPI; e en especial a reprodución, distribución, comunicación pública e transformación.

A contratación non está suxeita a regulación harmonizada, dado o seu importe, consonte ao establecido no artigo 21 da LCSP, desenvolto nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de

decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Motívase a non división por lotes, no feito de que, por razóns de exclusividade, motivada polo feito de que a asociación LUCUS ENSEMBLE está formada por once instrumentistas e dous vocalistas que gozan dun prestixio gañado a pulso en cinco anos dende a súa existencia, son un dos principais referentes da música de cámara en toda a provincia de Lugo, e así o xustifica no “Informe de non división en Lotes do contrato de oito concertos utilizando os instrumentos do centro de artesanía e deseño para a posta en valor e difusión das réplicas de instrumentos medievais do CENTRAD”.

“Non procede a división en lotes da presente contratación en virtude do artigo 99. 3 b) da Lei 9/2015 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, xa que por razóns artísticas e de exclusividade dende o punto de vista técnico a división en lotes dificultaría enormemente a execución do mesmo, xa que tanto o Lutier que estará en contacto directo cos artistas, así como os técnicos de son e iluminación son os elixidos pola agrupación de artistas e compositores, xa que son as persoas idóneas que poden entender e axudar aos mesmos para poder levar a cavo este complexo proxecto artístico, motivado polo feito de que a asociación LUCUS ENSEMBLE está formada por once instrumentistas e dous vocalistas que gozan dun prestixio gañado a pulso en cinco anos dende a súa existencia, son un dos principais referentes da música de cámara en toda a provincia de Lugo.

Polo cal, dende o Centro de Artesanía e Deseño, creemos que son as persoas idóneas para levar a cabo estes concertos debido a un encontro que tivemos no CENTRAD coa citada asociación e o responsable técnico da colección de instrumentos musicais, no que se puido comprobar que eran capaces de afrontar os retos que presentan estes instrumentos non contemporáneos por tratarse de réplicas do século XII e XIII e require de novas técnicas interpretativas, por outra parte esta asociación conta con compositores nas súas filas capaces de facer arranxos de música antiga e novas composicións para este tipo de instrumentos.

Por todo o anteriormente exposto, entendemos que se trata de “actuacións artísticas únicas” e baseándose tanto no artigo 168 a) 2º da Lei 9/2017 da Lei de Contratos do Sector Público, como nos informes 41/96, de 22 de xullo de 1996 da Xunta Consultiva de Contratación do estado (no que expresamente se preguntaba polo procedemento de adxudicación de contratos que tivesen por obxecto <<a contratación dun artista ou grupo artístico que aporta a súa labor creativa ao espectáculo>>) e o recente informe 8/2017, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, (no que se preguntaba o procedemento de adxudicar a contratación das orquestras das festas patronais) adoptado na súa sesión do día 21 de xuño de 2017 manifestáronse exactamente co mesmo criterio o cal é “las razones artísticas son suficientes para considerar que sólo puede encomendarse el objeto del contrato a un único empresario, pues una interpretación contraria dejaría vacío de sentido el precepto u obligaría a una labor ímproba de determinar cuando una obra artística puede ser llevada a cabo o no por otro artista o empresario, introduciendo un elevado grado inseguridad jurídica” non sendo posible, por tanto, promover a concorrència e propoñendo o procedemento negociado sen publicidade como o procedemento de adxudicación máis acaído neste caso.”

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle na certificación da intervención xeral, de data 01 de febreiro do 2019, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 9200.22602 (RC:22019/1109), por un importe total de 28.000,00 €.

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan relacionadas no “Informe da necesidade da contratación e solicitude orzamentaria” que obra no expediente, emitido polo Coordinador Xefe de Administración e Xestión Cultural, e que se poden resumir en:

“O obxecto da contratación que se pretende realizar é a de oito concertos en diversos lugares emblemáticos da provincia de Lugo que cumpran con un mínimo de sonoridade e

temperatura para a difusión e posta en coñecemento da cidadanía das réplicas de instrumentos medievais do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo.

A necesidade administrativa a satisfacer con esta contratación, é a de procurar o cumprimento por parte da Deputación de Lugo, do seu deber de informar aos cidadáns das actividades que realiza, dos servizos públicos que presta, e en xeral, de todos aqueles extremos que son necesarios para que os veciños da provincia exerzan os seus dereitos e cumpran os seus deberes. En particular, informar da posta en marcha dun proxecto de construción e interpretación de instrumentos medievais e de todas aquelas actuacións que a Deputación de Lugo pon en marcha en prol da cidadanía, sobre todo considerando que o destinatario final da maioría das iniciativas impulsadas polo organismo provincial son os veciños/as da provincia de Lugo e que un dos principais obxectivos dos poderes públicos é traballar na procura do benestar dos seus administrados.”

Á vista do “Informe da necesidade da contratación e solicitude orzamentaria” e máis do “Informe de insuficiencia de medios propios”, así coma das características das prestacións a desenvolver segundo o previsto no prego de prescricións técnicas reitor da presente contratación emitidos pola subárea de Cultura, Patrimonio Histórico e Artístico, Artesanía e Deseño e Educación, xunto coa concorrencia de elementos de carácter exclusivo, intelectual e artístico na prestación dos servizos obxecto do contrato, queda acreditada a insuficiencia de medios propios por parte da entidade provincial para asumir a prestación contractual e que o prezo do contrato é adecuado para o seu efectivo cumprimento.

O prazo de duración/execución do contrato estenderase dende a data na que se inicie a prestación do servizo, estando o inicio previsto para o día 1 de abril de 2019, ata o 31 de decembro do 2019, estímase a súa duración en 9 meses. Este prazo empezará a contar, dende o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto, dende o día seguinte á formalización do correspondente contrato. As prestacións obxecto do contrato segundo o previsto no PPT desenvolveranse neste iter temporal.

En canto ao prezo, no informe complementario, desagregase máis polo miúdo, a estrutura dos prezos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

En canto aos recursos debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que nos contratos de servizos de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do art. 44) cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no apartado 2º. na presente contratación, o importe é inferior á dita cantidade, de modo que non procede este recurso especial.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do Artigo 44.1 da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, isto é, os recursos administrativos ordinarios, ou ben, consonte coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa, de conformidade cos procedementos e prazos fixados nesta lexislación.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do

26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial. O artigo 3.3 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe da Secretaria poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación de oito concertos utilizando instrumentos do centro de artesanía e deseño para a posta en valor e difusión das réplicas de instrumentos medievais do CENTRAD, nos termos do expediente administrativo.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade, de conformidade co establecido no artigo 168 a) apartado 2º da LCSP, e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º. Ordenar ao Servizo de Contratación e Fomento que curse convite á asociación LUCUS ENSEMBLE para a presentación da súa oferta e tamén durante a fase de negociación.

5º.- Aprobar o gasto por importe de 28.000,00 €.euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE BECERREÁ SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Becerreá no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establececese “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello ...”



Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se indican as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se indican:

Concello de Becerreá

O Concello de Becerreá presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
27	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN CEREIXAL, GUILFREI E FERREIROS DE BALBOA	2018 1650 762	8.644,29€
28	REXENERACIÓN VIARIA DAS RÚAS CRUZ VERMELLA, TRAVESÍA DO MERCADO, RÚA ANOVELLO E PRAZA DO MERCADO, RONDA DE OUTEIRO, RÚA DA PREIRA, RÚA ELENA VILLAR JANEIRO, CAMIÑO DO FERREIRO, REGO DO RIBÓN, RÚA GOMEZ JIMÉNEZ, RÚA ANCARES, RÚA PENAS, AVENIDA DE MADRID E RÚA PACIOS	2018 1532 762	319,91€
31	MELLORA DE CAMIÑOS DE LU-P-0705 A CRUCE DE BIDUEIRAS, (segundo coordenadas UTM)	2018 1531 762	2.578,83€
32	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS AS PONTES DE GATÍN- A GOLADA, (segundo coordenadas UTM)	2018 1531 762	4.126,95€

Así mesmo, por escritos de data 24 de xaneiro de 2019; 31 de xaneiro de 2019 e de 21 de febreiro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuación relacionada, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NO CONCELLO DE BECERREÁ	2018 1650 762	8.644,29€	--	8.644,29€
ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN TORTES E ARRESTO	2018 1531 762	6.705,78€	--	6.705,78€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das bases reguladoras do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos concellos, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Becerreá e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

IDENTIFICACIÓN	CONCELLO	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NO CONCELLO DE BECERREÁ	BECERREÁ	2018 1650 762	8.644,29€	--	8.644,29€
ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN TORTES E ARMESTO		2018 1531 762	6.705,78€	--	6.705,78€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA HARMONIZACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES REITORES DA CONTRATACIÓN DOS SEGUROS NECESARIOS PARA A COBERTURA INTEGRAL DA FROTA DE EMBARCACIÓNS PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe xurídico, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes

Na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día quince de febreiro de dous mil dezanove adoptouse acordo sobre a aprobación do procedemento de contratación dos seguros necesarios para a cobertura integral da flota de embarcacións propiedade da Deputación de Lugo, expediente administrativo.

No devandito expediente incorporase o prego de prescricións técnicas e o respectivo prego de cláusulas administrativas.

No prego de prescricións técnicas, recóllense os seguintes importes máximos da prima anual:

LOTE 1: Seguro de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación: 8.681,82 €

LOTE 2: Seguro obrigatorio de viaxeiros (SOVI): 1.400,00 €

LOTE 3: Seguro de responsabilidade civil (P&I): 8.980,29 €

Cando debería figurar:

LOTE 1: Seguro de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación: 8.447,82 €

LOTE 2: Seguro obrigatorio de viaxeiros (SOVI): 819,70 €

LOTE 3: Seguro de responsabilidade civil (P&I): 8.231,92 €

Polo que se refire ao período de cobertura das pólizas, no prego de prescricións técnicas recóllese que:

O período de cobertura das pólizas obxecto do contrato será de un ano, contado a partir das 00.00.00 horas do 1 de febreiro de 2019.

Cando debería figurar

O período de cobertura das pólizas obxecto do contrato será de un ano, contado a partir das 00.00.00 horas do 1 de abril de 2019.

Tanto no prego de cláusulas administrativas como no documento de aprobación do expediente, o Informe xustificativo de custos e o propio anuncio de licitación as contías recollidas para cada lote son as correctas.

Consideracións

En todo o expediente, e nos cálculos efectuados, para chegar o prezo de licitación os datos utilizados son os correctos, polo tanto, a vista da Resolución 245/2016 e 281/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, nas que se indica, dunha parte, e en canto á rectificación de erros materiais, aritméticos ou de feito, prevista no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (referencia esta que se pode entender feita na actualidade á Lei 39/2015 e normas complementarias), como a Xurisprudencia do TS acoutou con restritivo criterio o contorno da figura da rectificación de erros identificándoa con “aqueles casos cuxa corrección non implica un xuízo valorativo, nin esixe operacións de cualificación xurídica, por evidenciarse o erro directamente, ao deducirse con plena certeza do propio texto da resolución, sen necesidade de hipótese ou deducións”, ou ben “meras equivocacións elementais, que se aprecian de forma clara, patente, manifesta e ostensible, evidenciándose por si soas, sen que sexa preciso acudir a ulteriores razoamentos, nin a operacións valorativas ou aclaratorias sobre normas xurídicas”.

Debe entenderse polo tanto que se trata dun mero erro ou equivocacións elemental, a evidencia resulta de que diversos documentos incorporados ao expediente e publicados na

Plataforma de contratos do sector públicos, tales como o PCPA, o Documento de aprobación do expediente, o Informe xustificativo de custos e o propio anuncio de licitación recolle os importes correctos.

Aquelas resolucións do Tribunal de Recursos contractuais, sinalaban como posible solución, a utilización do cauce da rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos previsto, con carácter xeral, no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e no artigo 75 do RGCAP (referencias estas que se poden entender feitas na actualidade á Lei 39/2015 e normas complementarias). Cabe citar, a estes efectos, os comentarios dispoñibles en <http://www.obcp.es>, no que analiza a oportunidade de sanear este tipo de erros.

Entendese este erro como material por ser un erro patente, non sometido a opcións, non calificador de aspectos xurídicos, nin ser cuestionable por tratarse de cuestións opinables ou que esixen unha valoración xurídica. Se trata dun erro que, unha vez corrixido, non cambia o contido do acto administrativo no que se produciu o erro. Dedúcese do conxunto de datos e antecedentes incorporados ao expediente e formúlase por razóns de claridade e transparencia.

O procedemento de licitación se atopa nunha fase de tramitación inicial na que unicamente se procedeu á publicación da documentación preparatoria, dos anuncios de licitación e dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, e a data de hoxe non consta que haxa presentadas ofertas por ningún licitador (tal e como se pode comprobar na Plataforma de Contratos do Sector Público), en aras da economía procedimental e da celeridade, cómpre unha rectificación do prego de prescricións técnicas coa correspondente publicación.

O erro detectado cumpre coas esixencias fixadas pola xurisprudencia en relación co artigo 109.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que debe entenderse referido ao vixente artigo 105.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Trátase de un erro material, produto da transcripción de datos no

prego, operación material de teclear os datos, utilizando a técnica de copiar de plantillas ou modelos preexistentes.

Cabe invocar e aplicar o art. 122 da LCSP, cando indica que o PCAP, unha vez aprobado, poderá ser modificado con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético.

Incluso de non rectificarse o erro, poderá entenderse que a discrepancia detectada se resolve aplicando o propio PCAP, que recolle na cláusula primeira do mesmo que “En caso de discrepancia entre o presente prego e o resto da documentación que reviste carácter contractual, prevalecerá este prego, sen perxuizo de aplicar o principio de especialidade en función dos aspectos ordenados” .

Neste mesmo senso, podemos citar múltiples resolucións tanto da Xunta Consultiva como doutros Tribunais como do tribunal central de recursos contractuais, do Tribunal Administrativo de Aragón ou da JCCA de Valencia.

Así, o Informe da J.C.C.A. Valencia 3/2012, de 24 de maio, plenamente aplicable ao caso que nos ocupa, recolle que “Por lo que respecta al pliego de prescripciones técnicas de la contratación sometida a consulta, hemos de añadir que, además de no ser este pliego el lugar donde establecer requisitos mínimos de personal para prestar el servicio, sino limitarse a aspectos técnicos de las prestaciones, (vid. artículos 100 y 101 de la LCSP), establece una discrepancia con el pliego de cláusulas administrativas. Este último indica claramente que ante estas discrepancias prevalecerá lo establecido en el pliego de cláusulas administrativas, razón por la que las prescripciones técnicas que se considere que discrepan o no se ajustan a lo dispuesto en el PCAP se tendrán por inaplicables o inexigibles y, por tanto, no tendrán ningún efecto sobre la valoración de las ofertas presentadas.”

No mesmo senso se pronuncia a Resolución 13/2015, dictada polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, sinalando ao respecto que “Siguiendo el criterio fijado ya por

este Tribunal, acorde con la Jurisprudencia del Tribunal Supremo, hemos de recordar que el pliego de cláusulas administrativas particulares es la Ley que rige la contratación entre las partes y al pliego hay que estar, respetar y cumplir, sin que por ello se contravenga el principio de concurrencia ni el de igualdad (resolución 47/2012, de 3 de febrero, recurso 047/2012). En efecto, abundando en dicha afirmación, hemos de traer a colación la resolución 253/2011 “a los efectos de lo concluido en el punto anterior de esta resolución, es menester recordar, que de acuerdo con una inveterada jurisprudencia, los pliegos constituyen ley del contrato como expresión de los principios generales esenciales que rigen las relaciones nacidas de la convención de voluntades, tales como el sintetizado en el brocardo <<pacta sunt servanda>> con los corolarios del imperio de la buena fe y del non licet contra los actos propios y, en segundo lugar, que en su interpretación es posible la aplicación supletoria de las normas del Código Civil, cuyo artículo 1.281 establece que si los términos del contrato son claros y no dejan lugar a dudas sobre la intención de los contratantes, habrá que estarse al sentido literal de sus cláusulas (sentencias del Tribunal Supremo de 19 de marzo 2001, de 8 de junio de 1984 o sentencia de 13 de mayo de 1982). Jurisprudencia más reciente como la que se deriva de la Sentencia de la Sección 4ª, Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Supremo de 8 de julio de 2009 se refiere a la interpretación literal o teleológica (si las palabras parecieren contrarias a la intención evidente de los contratantes, prevalecerá esta sobre aquellas, artículo 1.281 del Código Civil) y también a la propia interpretación lógica de las cláusulas del contrato. No se puede olvidar que el artículo 1.282 del Código Civil, en relación con el alcance y el contenido de las reglas interpretativas en materia contractual, exige tener en cuenta para juzgar la intención de los contratantes, los actos de aquéllos coetáneos y posteriores al contrato. En última instancia, es necesario apuntar que una interpretación distinta llevaría a una interpretación del pliego en contra de su contenido natural, lo cual implicaría una grave vulneración del principio de seguridad jurídica y una ruptura del principio de igualdad, para aquellos licitadores que han respetado el contenido del pliego de cláusulas aquí discutidas”.

Igualmente, o Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón RE 048/2012; Acuerdo 38/2012, de 10 de setiembre de 2012, ao establecer que “El Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares es la ley del contrato (STS 25 de mayo 1999), y el instrumento que

determina los derechos y obligaciones de las partes y el objeto del contrato, entre otras prescripciones, por lo que debe asumirse por el contratista y la Administración lo allí establecido (STS de 1 de octubre de 1999), salvo que lo previsto no fuera conforme a derecho. Por su parte, el Pliego de Prescripciones Técnicas ha de establecer los requisitos y condiciones técnicas que debe cumplir la prestación, como establecen los artículos 116 y 117 TRLCSP, y 68 RGLCAP. Este último precepto determina, además, en su apartado 3 que los Pliegos de Prescripciones Técnicas en ningún caso contendrán «declaraciones o cláusulas que deban figurar en el Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares», entre otras razones porque los Pliegos de Prescripciones Técnicas no deben ser objeto del informe jurídico preceptivo exigido por la legislación. La exigencia de «marca blanca “Salud”» contenida en el PTT es contraria a las normas de contratación, en cuanto no está prevista en el PCAP. Y la confusión entre el clausulado de los Pliegos exige un criterio hermenéutico proclive al principio de igualdad de acceso, de forma que la «oscuridad» de las cláusulas no puede perjudicar a los eventuales licitadores (Acuerdo 5/2011, de 16 de mayo). Por este motivo procede estimar el recurso presentado y anular la licitación.”

Non obstante por razóns de seguridade xurídica e transparencia parece oportuno, efectuar a rectificación e ampliar, prudencialmente o prazo de presentación de ofertas ao abeiro do artigo 136 da LCSP e tendo en conta tamén, supletoriamente “ex” disposición final 4ª da LCSP o previsto no artigo 32 da Lei 39/2015, sobre ampliación de prazos, neste caso de oficio, sen exceder da metade do prazo inicialmente previsto. Esta ampliación non perxudica a ningún terceiro, en tanto que ningunha oferta consta presentada.

O artigo 3.3 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe da Secretaría poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos

informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.”

Polo que vai dito, e considerando que se trata dunha actuación plenamente garantista cos dereitos dos licitadores, que en ningún caso supón variación algunha nos aspectos económicos do contrato, propónse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.-Aprobar á rectificación do erro material (de transcripción) detectado no prego de prescricións técnicas, harmonizándose co contido correcto do prego de cláusulas administrativas precisando que:

A prima máxima que poderá ofertar o licitador para cada lote é a que figura no prego de cláusulas administrativas, é dicir:

LOTE 1: Seguro de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación: 8.447,82 €

LOTE 2: Seguro obrigatorio de viaxeiros (SOVI): 819,70 €

LOTE 3: Seguro de responsabilidade civil (P&I): 8.231,92 €

O período de cobertura das pólizas obxecto do contrato é de un ano, contado a partir das 00.00.00 horas do 1 de abril de 2019.

2º.- Dar publicidade á devandita rectificación cun novo anuncio na Plataforma de Contratos do Sector Público, e ampliar o prazo para a presentación de proposicións ata o día 18 de marzo de 2019 as 14:00 horas, coa correlativa modificación das datas de apertura pública das ofertas” .

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIONES DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Adaptación terceira addenda de modificación ao convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), Concello de Lugo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Lugo para a cesión de uso do edificio nº 1 do “Complexo do Miño” con destino á se do Centro Asociado da UNED en Lugo.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, co conforme da Secretaria Xeral, relativo á adaptación da terceira Addenda de modificación ao convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), o Concello de Lugo e o Consorcio Universitario do centro asociado da UNED en Lugo para a cesión de uso do edificio nº 1 do “complexo do Miño” con destino á se do centro asociado da UNED en Lugo, que dispón o seguinte:

Asunto: adaptación, da terceira addenda de modificación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación de Lugo, a universidade nacional de educación a distancia (UNED), o Concello de Lugo e o consorcio universitario do centro asociado da UNED en Lugo para a cesión de uso do edificio nº 1 do “Complexo do Miño” con destino á se do centro asociado da UNED en Lugo, a petición da UNED.

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Que o Consorcio do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia de Lugo, é unha entidade de dereito público dotada de personalidade xurídica e da capacidade xurídica e de obrar que se require para a realización dos seus obxectivos.

De acordo co establecido no artigo 1 dos seus Estatutos, o Consorcio queda constituído pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, o Excmo. Concello de Lugo e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

Con data 16 de maio de 2011, a Deputación de Lugo, a UNED, o Concello de Lugo e o Consorcio do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia de Lugo, firmaron un convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a UNED, a Deputación de Lugo e o Consorcio do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia de Lugo coa finalidade de colaborar conxuntamente para a localización do centro Asociado da UNED en Lugo nas instalacións do edificio nº 1 do “Complexo do Miño”, ben patrimonial propiedade de la Deputación de Lugo.

Dito convenio foi obxecto das seguintes modificacións:

En data de 25 de setembro de 2014, foi modificado o convenio, asinándose unha primeira addenda.

En data 22 de abril de 2016, a Xunta de Goberno aprobou a segunda addenda ao indicado convenio de colaboración, asinándose esta segunda addenda o 9 de marzo de 2017.

En data 11 de maio de 2018 a Xunta de Goberno aprobou a terceira addenda ao indicado convenio de colaboración, non sendo asinada a data de hoxe. En consecuencia estaba aprobado pola Deputación dita terceira addenda de modificación, pero as outras entidades participantes non chegaron a desenvolver os trámites para asinar ou simplemente non asinaron a dita addenda terceira.

En data 21 de febreiro de 2019, tivo entrada nesta Deputación, escrito de solicitude do Centro Asociado da UNED de Lugo, no que comunica que detectaron tres erros, polo que solicita se modifique a addenda nº 3 corrixindo os erros, que se relacionan:

Na terceira páxina onde di anexo 3 debería dicir anexo 1

Na terceira páxina onde di “a través del INTECCA o quien tenga facultades para ello”, debería dicir “a través de quien tenga facultades para ello”.

Non se asinou o citado Anexo 1, que debería de achegarse á addenda e asinarse coa mesma.

O artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sinalaba que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico.

En calquera caso, con base no principio de Liberdade de Pactos, as AAPP poden celebrar os convenios que estimen convinte e en consecuencia modificalos, sempre que teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñan encomendado, circunstancia que, a xuízo do que subscribe, concorre no presente suposto.

De igual xeito, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, nos seus artigos 47 e seguintes establece os tipos, requisitos e contido dos convenios.

A addenda de modificación de convenio ten natureza administrativa e queda excluída da aplicación a Lei de contratos do sector público (vixente no momento da celebración do convenio) á vista do que establece o artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que quedan excluídos da citada lei “Los convenios de colaboración que celebre la Administración General del

Estado con las entidades gestoras y servicios comunes de la Seguridad Social, las Universidades Públicas, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales, organismos autónomos y restantes entidades públicas, o los que celebren estos organismos y entidades entre sí, salvo que, por su naturaleza, tengan la consideración de contratos sujetos a esta Ley.” Neste mesmo sentido se mantén a normativa vixente na actualidade, xa que a nova Lei de Contratos do Sector Público, 9/2017, do 8 de novembro, exclúe igualmente este tipo de convenios da lexislación contractual segundo o artigo 6.1 en relación co artigo 31.1. letra b.

A materia obxecto da presente Addenda ao convenio de colaboración para a cesión de uso do edificio número ° 1 do “Complejo Miño”, con destino á sede do Centro Asociado da UNED en Lugo, subscrito con data 16 de maio de 2011, é competencia Provincial en aplicación do artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción que dice: (...) Son fines propios y específicos de la Provincia garantizar los principios de solidaridad y equilibrio intermunicipales, en el marco de la política económica y social, y, en particular: a) Asegurar la prestación integral y adecuada en la totalidad del territorio provincial de los servicios de competencia municipal. b) Participar en la coordinación de la Administración local con la de la Comunidad Autónoma y la del Estado. (...)

Debe terse en conta ademais o disposto no artigo 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, “Compete a las Diputaciones Provinciales regir y administrar los intereses peculiares de la provincia, creando, conservando y mejorando los servicios cuyo objeto sea el fomento de los mismos, y, en especial, los siguientes: a) Construcción y conservación de carreteras y caminos provinciales. b) Conservación de monumentos histórico-artísticos. c) Establecimiento y conservación de bibliotecas. d) Organización de concursos y exposiciones y de cualquier otra actividad cuya finalidad sea el fomento en materia de cultura, educación y deporte. e) Realización de obras en todo el territorio provincial.

Doutra banda, a Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración

local de Galicia, no artigo 3.3 indica “ En particular, no se entenderá como ejercicio de nuevas competencias: a) La continuidad en la prestación de los servicios ya establecidos. b) La continuidad de la actividad de fomento ya establecida en ejercicios anteriores así como la realización de nuevas actuaciones de fomento que habían sido ya establecidas en los proyectos de establecimiento de servicios objeto de los informes de inexistencia de duplicidades y sostenibilidad financiera previstos en esta ley.

(...)

La colaboración entre administraciones entendida como el trabajo en común para la solución de aquellos problemas, también comunes, que pudieran formularse más allá del concreto reparto competencial en los distintos sectores de la acción pública, de acuerdo con el artículo 193.2 de la Ley 5/1997” que establece “La colaboración se entenderá como: a) El deber de todas las Administraciones Públicas de ponderar y respetar, en sus respectivas actuaciones, la totalidad de los intereses públicos implicados, y, en concreto, los intereses particulares y legítimos cuya gestión esté encomendada a las demás Administraciones Públicas. b) El trabajo en común para la solución de aquellos problemas, también comunes, que pudiesen plantearse más allá del concreto reparto competencial en los distintos sectores de la acción pública.

De igual xeito, a disposición adicional primeira desta mesma Lei 5/2014 establece “Las competencias atribuidas a las entidades locales por la legislación autonómica anterior a la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local, continuarán ejerciéndolas ellas, rigiéndose por la indicada legislación o, en su caso, por el derecho estatal aplicable como supletorio, sin perjuicio de lo dispuesto en las disposiciones adicionales cuarta y quinta sobre la asunción por la Comunidad Autónoma de las competencias relativas a la educación, salud y servicios sociales” e a disposición adicional cuarta sinala “Las competencias que debe asumir la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de educación, salud y servicios sociales en cumplimiento de las disposiciones de la Ley 27/2013, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local, continuarán siendo

prestadas por los municipios en tanto no se den las condiciones previstas para su traspaso en la normativa básica y, en particular, el establecimiento del nuevo sistema de financiación autonómica y de las haciendas locales previsto en la misma.

En el marco de lo que dispongan las normas reguladoras del sistema de financiación de las comunidades autónomas y de las haciendas locales, el Consello de la Xunta de Galicia regulará las condiciones del correspondiente traspaso de medios económicos, materiales y personales, sin que la gestión por las comunidades autónomas de los servicios anteriormente citados pueda suponer un mayor gasto para el conjunto de las administraciones públicas. (...)”.

A maior abastanza, ha de considerarse que esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

A disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece “todos los convenios vigentes suscritos por cualquier Administración Pública o cualquiera de sus organismos o entidades vinculados o dependientes deberán adaptarse a lo aquí previsto en el plazo de tres años a contar desde la entrada en vigor de esta Ley”. Este prazo vence o 2 de outubro de 2019. Antes de esta data debe acometerse a tarefa de adaptar dito convenio a esa lexislación. En calquera caso o convenio vixente ten establecido un prazo de vixencia e non existe prórroga tácita. Tal e así que na cláusula terceira do convenio asinado o 16 de maio de 2011 establecíase unha duración de 30 anos, e na cláusula segunda da addenda asinada o 25 de setembro de 2014, a duración fixouse en 49 anos a contar desde a efectiva entrega das instalacións ao consorcio Centro asociado da UNED en Lugo.

Sobre a adaptación interesada polo Centro Asociado da UNED, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado g) establece que “el régimen de modificación del convenio, a falta de regulación expresa la modificación al contenido del convenio requerirá acuerdo unánime de los firmantes”.

Xa que logo, a cláusula segunda do dito convenio precisa que “este convenio surtirá efecto a partir de la fecha de su firma. La vigencia se mantendrá durante un período de 49 años a contar desde la efectiva entrega de las instalaciones al Consorcio “Centro asociado de la UNED en Lugo”.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das partes para a adaptación da addenda terceira do convenio, para que quede redactada do seguinte xeito:

Na terceira páxina onde di “anexo 3” debería dicir anexo 1.

Na terceira páxina onde di “a través del INTECCA o quien tenga facultades para ello”, debería dicir “a través de quien tenga facultades para ello”.

Incluír o citado Anexo 1, como anexo á addenda que deberá asinarse coa mesma.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así, a proposta de adaptación da terceira addenda de modificación ao convenio, a petición da UNED, é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Polo anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a adaptación da terceira Addenda ao convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación de Lugo, a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), o Concello de Lugo e o Consorcio Universitario do centro asociado da UNED en Lugo coa finalidade de colaborar conxuntamente para a localización do centro asociado da UNED en Lugo nas instalacións do edificio nº 1 do “complexo do Miño”, ben patrimonial propiedade da Deputación de Lugo, a petición da UNED, de xeito que:

Na terceira páxina onde di “anexo 3” diga anexo 1.

Na terceira páxina onde di “a través del INTECCA o quien tenga facultades para ello”, diga “a través de quien tenga facultades para ello”.

Incluír o citado Anexo 1, como anexo á addenda que deberá asinarse coa mesma”.

A Xunta de Goberno, por maioría dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita, coa abstención do Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón por ter interese persoal no asunto segundo o artigo 23 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA BUXIGANGA PROXECTO TEATRAL AFECCIONADO 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico e Artístico, do seguinte teor:

“A Área de Turismo e Cultura ten entre as súas competencias, contribuír á difusión do teatro na vertente afeccionado en entidades pertencentes á provincia de Lugo e ao mesmo tempo a de potenciar a actividade cultural que se desenvolve nos distintos concellos de Lugo.

As actuacións do programa “Buxiganga Proxecto Teatral Afeccionado 2019” desenvolveranse dende o 1 de Xuño ata o 1 de decembro de 2019, inclusive e os Concellos e asociacións deberán solicitar as correspondentes representacións tendo en conta que as actuacións que se leven a cabo programaranse en fin de semana (sábado e domingo) nas datas sinaladas (do 1 de xuño ata 1 de decembro de 2019).

No Programa “Buxiganga Proxecto Teatra Afeccionado 2019” poderán participar como colectivos teatrais as asociacións que posúan un grupo de teatro afeccionado, que teñan residencia na provincia de Lugo e que estean legalmente constituídas. Os grupos terán dereito a realizaren dentro dos circuítos un máximo de tres funcións e un mínimo de unha– sempre e cando así o permita a demanda.

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos da provincia, que poderán solicitar actuacións para se acolleren a este programa, como a aquelas asociacións sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura.

O orzamento previsto para por en marcha o Programa Buxiganga Proxecto Teatral Afeccionado, 2019 é de 70.000 €. A distribución da/s función/s dependerá da demanda e do atractivo que resulte o proxecto para os solicitantes do Programa, establecéndose igualmente que o cento por cento de todas as funcións asinadas a un mesmo grupo teatral deberá ser inferior a 15.000 € máis IVE, de acordo co establecido no artigo 118.1 da Lei de Contratos do Sector Público. En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Coma en anos precedentes, os cachés das actuacións serán as seguintes:

Grupos de 6 a 8 persoas: 500 €/función (tendo as 3 representacións 450 €/función)

Grupos de 9 a 12 persoas: 750 €/función (tendo as 3 representacións 700 €/función)

Grupos de 13 ou máis persoas: 850 €/función (tendo as 3 representacións 800 €/función)

A Área de Cultura establece que, tendo en conta os cachés de actuacións, que todos os solicitantes (os Concellos e as asociacións legalmente constituídas) deberán asumir o pagamento do 20% do custo de cada unha das actuacións solicitadas e concedidas. O resto do seu caché, é dicir, o 80% do custo das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo (Área de Turismo e Cultura). Neste senso, os grupos actuantes deberán facturarlle á Deputación de Lugo, o 80% do custo da actividade teatral e o 20% ao Concello ou asociación organizadora da función.

Por outra banda, co obxectivo de axudar a cubrir ese 20% co que contribúen asociacións e Concellos, estes poderán cobrar unha entrada simbólica que en ningún caso poderá superar os tres euros (3 €).

Non obstante, a porcentaxe que aboará a Deputación (ata un 80% máximo do custo da actividade), estará condicionada a cantidade que o Concello/Asociación solicitante poda recadar- se fose o caso de cobrar entrada simbólica-. No caso de que ésta supere o 20% do caché da actuación, a porcentaxe a aboar polo solicitante beneficiario da actuación será o total da recadación, debendo a Deputación aboar o grupo teatral a porcentaxe restante ata o pagamento do cento por cento da actuación. Neste senso, os grupos actuantes deberán facturarlle á Deputación de Lugo o 80% (como máximo) do custo da actividade teatral e o 20% (como mínimo) ao Concello/ Asociación solicitante da función. Por esta razón, non se pagará os grupos de teatro mentres o beneficiario da actuación non achegue o certificado de actuación onde constará a recadación total obtida pola representación teatral- no caso de tela-.

De tal xeito que, a vista do sinalado, atoparémonos con 3 variantes tipolóxicas (por número de actuantes e por custo da representación):

Grupos de 6 a 8 persoas: O custo por representación é de 500 €/ función, correspondéndolle á Deputación aboar o 80 % do custo total; é dicir 400 €. Deste xeito as asociacións/concellos corresponderíalles aboar o 20 % do custo total, é dicir 100 €. Sinalar que se o grupo de teatro se acolle por completo ao programa e realiza as tres funcións dentro dos circuítos o custo de cada representación diminúe até os 450 €, correspondéndolle á Deputación aboar 360 € (80 %) e as asociación/concellos 90 € (20 %).

Grupos de 9 a 12 persoas: O custo por representación é de 750 €/ función, correspondéndolle á Deputación aboar o 80 % do custo total; é dicir 600 € e as asociación/concellos beneficiarios 150 € (20 %), para o caso de tratarse de unha soa actuación. Sinalar que se o grupo de teatro se acolle por completo ao programa e realiza as tres funcións

dentro dos circuitos o custo de cada representación diminúe até os 700 €, correspondéndolle á Deputación aboar 560 €/función (80 %) e as asociación/concellos beneficiarios 140 €/función (20 %), no suposto de acollerse a 3 representacións.

Grupos de 13 ou máis persoas: O custo por representación é de 850 €/ función, correspondéndolle á Deputación aboar o 80 % do custo total; é dicir 680 € e as asociación/concellos beneficiarios 170 € (20 %), para o caso de tratarse de unha soa actuación. Sinalar que se o grupo de teatro se acolle por completo ao programa e realiza as tres funcións dentro dos circuitos o custo de cada representación diminúe até os 800 €, correspondéndolle á Deputación aboar 640 €/función (80 %) e as asociación/concellos beneficiarios 160 €/función (20 %), no suposto de acollerse a 3 representacións.

Por todo elo, proponse a aprobación– se procede– pola Xunta de Goberno dos seguintes puntos:

1º.- Aprobación das bases do Programa “Buxiganga, proxecto teatral afeccionado 2019”.

2º.- Aprobación do gasto total do Programa por importe de 70.000 euros, desglosado do seguinte xeito:

60.000 € para a pago das actuacións concedidas.

10.000 € para publicidade: anuncios en M.C.S e carteis , rollers, ... nos que se incluírá o logo da Deputación Provincial de Lugo (Área de Turismo e Cultura).

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude para adherirse ao programa.

4º.- Aprobar a súa publicación no BOP”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta do Deputado Delegado de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, do seguinte teor:

“A Area de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Nesa perspectiva desenvolve esta convocatoria de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña co fin de promover e difundir o deporte, sendo consciente das dificultades que teñen que afrontar os e as deportistas lucenses de modalidades individuais como a do automobilismo, modalidade rallies, para articular a súa participación dentro dese espazo deportivo, tendo en conta nomeadamente o peso da disciplina no deporte lucense e o seu importante seguimento social e así mesmo como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva desta competición.

Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral, no que se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación das bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión das bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2019.

2º.- Aprobación do gasto correspondente por un importe total de 45.000 € (corenta e cinco mil euros).

3º.- Aprobar os modelos de anexos para participar nesta convocatoria”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 9 de novembro de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 095 do xoves 26 de abril de 2018, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:



NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
ASOC. SAGRADO CORAZÓN	CAMPUS DE FÚTBOL E FÚTBOL SALA	997

16.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2015.

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Cultura e por Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 04 de decembro de 2015, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2015, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 030 do día 6 de febreiro de 2016, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
A.C. Rúa da Música	Festival Musical e Artístico Garitosis 2015	1.100,00€
A.C. Rúa da Música	Concertos na rúa de música durante o ano 2015	1.300,00€
A.C. Faro-Miño	Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva	1.043,00€

17.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Cultura e por Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 22 de decembro de 2017, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 189, do día 18 de agosto de 2017, da asociación que se detalla na táboa, polo importe sinalado:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
LUGDUNUM	TALLERES CHARLAS E VIAXES CULTURALS	929,00€

18.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 21 DE DECEMBRO DO 2018, RELATIVA Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE SUBVENCIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018. “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”.

Logo de ver a proposta do Deputado Delegado de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Vista a acta da sesión celebrada pola comisión de valoración o día 15 de febreiro de 2019 na que se di:

“Na acta da sesión celebrada pola Comisión de Valoración o día 4 de decembro de 2018 para a avaliación das solicitudes presentadas dentro do Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, a Comisión por unanimidade acordou asumir o informe técnico-proposta emitido por D. Manuel Pérez Gómez e elevar a correspondente proposta á Xunta de Goberno para a súa aprobación.

Apreciado erro de transcripción, no mencionado informe técnico-proposta e polo tanto na acta da Comisión de valoración, así como na proposta á Xunta de Goberno do deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, no número de hectáreas concedidas e polo tanto na contía da subvención concedida e na baremación, correspondente ao expediente Ganadería Manolito, S.C. (Triacastela), no Anexo I, relación de solicitudes estimadas, do Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018. “Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros” publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (núm. 008) o 10 de xaneiro de 2019, segundo o art. 109.2 da Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, no que di “Las Administraciones públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”, procede a corrección de erro material nos seguintes termos:

Onde di:

Solicitudes estimadas ao abeiro das bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrancia competitiva, dentro do programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo”, ano 2018.

Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros

TITULAR	% PARTICIP.	Has concedidas	BAREMO	CONCELLO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
GANADERÍA MANOLITO, S.C.	100%	2,7700	21,69	TRIACASTELA	1.385,00 €

Debe dicir:

Solicitudes estimadas ao abeiro das bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo”, ano 2018.

Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros

TITULAR	% PARTICIP.	Has concedidas	BAREMO	CONCELLO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
GANADERÍA MANOLITO, S.C.	100%	5,1900	22,30	TRIACASTELA	2.595,00 €

Por todo o exposto, a Comisión adoptou por unanimidade o acordo de elevar, para a súa aprobación, á Xunta de Goberno, a mencionada corrección de erros.

Por todo elo, proponse se proceda a súa corrección nos termos anteriormente mencionados.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO Nº 97/2019.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Social nº 2 de Lugo, de data 4 de febreiro de 2019, relativo ao Procedemento: Despido/Ceses en Xeral nº 97/2019, seguido a instancia de D. Enrique Flores Lamas, fronte a esta Excm. Deputación Provincial; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no procedemento referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Social nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.

20.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO Nº 102/2019.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Social nº 3 de Lugo, de data 6 de febreiro de 2019, relativo ao Procedemento: Despido/Ceses en Xeral nº 102/2019, seguido a instancia de D. Jesús Francisco Corredoira Ceide, fronte a esta Excma. Deputación Provincial; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no procedemento referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Social nº 3 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.

21.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- Dáse conta do decreto nº 10/2019 de data 11 de febreiro ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no procedemento de Responsabilidade Patrimonial

P.A. 24/2018, seguido a instancia de Reale Seguros Generales, S.A. e Lucía Rodríguez Piñeiro, fronte a esta Deputación Provincial, no que se ten por desistido ao recorrente, declarando o remate deste procedemento e acordando o arquivo das actuacións sen mais trámite, unha vez sexa firme esta resolución. A Xunta de Goberno queda enterada.

Segundo.- Dáse conta do auto nº 22/2019 de data 18 de febreiro ditado polo Xulgado do Social nº 19 de Barcelona, no procedemento: Seguridade Social en materia prestacional 972/2017-A, seguido a instancia de Cornelia Milovanov, fronte ao Instituto Nacional da Seguridade Social e esta Deputación Provincial, no que se ten por desistida a parte demandante, declarando rematado este procedemento e acordando o arquivo das actuacións sen mais trámite, unha vez sexa firme esta resolución. A Xunta de Goberno queda enterada.

22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.